

UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Carballo González, Ángeles

Diz Ferreiro, Paula

Fernández Fernández, Federico

Fernández Iglesias, Manuel José

Ríos Santomé, M^{ra}. José

Valderrama Santomé, Mónica

Valeije Álvarez, Inmaculada

DESCULPA ASISTENCIA:

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do 17 de novembro de dous mil once, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas de Xerencia.

O xoves día 17 de novembro de 2011, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 2 de novembro de 2011.
2. Sorteio da letra pola que deberá comezar a relación de candidatos/as nas papeletas electorais nas eleccións de representantes de estudantes nos Consellos de Departamento.
3. Aprobación, se procede, do Regulamento para a elección de membros dos Consellos de Campus.
4. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral, da resolución das reclamacións aos censos provisionais nas eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.
5. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral, da resolución das reclamacións sobre posibles exclusións da proclamación provisional de candidaturas ou corrección de erros e defectos nas eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.
6. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral da proclamación definitiva de candidaturas nas eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.
7. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral do sorteio da letra pola que debe comezar a relación de candidatos e candidatas nas papeletas nas eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.
8. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral da elaboración das papeletas para as eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.
9. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral, da resolución das reclamacións á proclamación provisional de candidatas e candidatos electos nas eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.
10. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral da proclamación definitiva de candidatos electos nas eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.
11. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 2 de novembro de 2011.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Sorteio da letra pola que deberá comezar a relación de candidatos/as nas papeletas electorais nas eleccións de representantes de estudantes nos Consellos de Departamento.

O presidente da Comisión Electoral cede a palabra á Sra. Ángeles Carballo para dar conta aos membros da Comisión Electoral da necesidade de convocar eleccións, e que é preciso sortear a letra polo que debe comezar a relación de candidaturas nas papeletas electorais de estudantes a membros do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade.

Intervén o Sr. Federico Fernández para aconsellar que se sorteen dúas letras.

Efectuado o sorteo, saen as letras J e H.

As papeletas electorais comezarán polo apelido da candidatura que comece coas letras Jh.

Apróbase por asentimento.

Punto 3. Aprobación, se procede, do Regulamento para a elección de membros dos Consellos de Campus.

O presidente propón a aprobación dun regulamento para a elección de membros de consello de campus; sinala que para a súa aprobación é competente a Comisión Electoral. De seguido, explica a súa estrutura, organización e o procedemento electoral; destaca que o máis salientable da reforma do regulamento é o seguinte:

- No punto 5, relativo á promoción da paridade nos consellos de campus, establécese que cada elector ou electora só poderá votar como máximo ao 60% das candidaturas dun dos dous xéneros.
- No punto 7, relativo ao desempate dentro dun mesmo sector, dáse preferencia ao xénero menos representado no consello de campus.
- En último lugar, sinala as necesarias adaptacións do regulamento a unha linguaxe non sexista.

Intervén o Sr. Federico Fernández para dicir que é preciso a incorporación dunha disposición derogatoria (no sentido de que a aprobación do novo regulamento deixa sen efectos calquera regulamento anterior para a elección de membros de consello de campus) e dunha disposición final, relativa á súa entrada en vigor ao día seguinte da súa aprobación.

Apróbase por asentimento

Punto 4. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaría Xeral, da resolución das reclamacións aos censos provisionais nas eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaría Xeral, da resolución das reclamacións sobre posibles exclusións da proclamación provisional de candidaturas ou corrección de erros e defectos nas eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaría Xeral da proclamación definitiva de candidaturas nas eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaría Xeral do sorteo da letra pola que debe comezar a relación de candidatos e candidatas nas papeletas nas eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaría Xeral da elaboración das papeletas para as eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaría Xeral, da resolución das reclamacións á proclamación provisional de candidatas e candidatos electos nas eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.

Intervén o Sr. Federico Fernández para pedir que se comuniquen á Comisión Electoral todas as incidencias que puidesen xurdir nas eleccións.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, da delegación na Secretaria Xeral da proclamación definitiva de candidatos electos nas eleccións de membros do Consello de Campus de Pontevedra.


Apróbase por asentimento.

Punto 11. Rogos e preguntas.

Intervén a Sra. María José Ríos para dicir que se debería por “Rolda de libre intervención” en substitución de “Rogos e preguntas”.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:15 horas do día 17 de novembro de 2011 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



Mª Inmaculada Valeije Álvarez